

OS TRASNOS DE MOSCOSO: "COMEZAMOS IMPROVISANDO CANDO ESTABAMOS DE BOTELLON"

Os Trasnos de Moscoso son sen dúbida unha das revelacións da escena galega deste 2007. O seu debut, DENOMINACION DE ORIXE: RAP DO PAIS, ven encher o baleiro existente na rima en galego no seo da escena hiphopeira do Sul da Galiza. O noso compeñeiro Vincent Jalo puido falar con eles sobre os seus plans de futuro e isto é o que lle contaron.

Como chegastes á cultura do Hip-Hop?

Con 17-18 anos comezamos a escuitar rap en castellano e molounos a historia.

E cando comezastes a rimar?

No 2000. Empezamos improvisando cando estabamos de botellón e logo nos puxemos a escribir.

Foi complicado comezar estando nunha vila pequena como Moscoso? Tiñades contacto coa escena de Pontevedra?

Non foi difícil pois non se requiren moitos recursos, é relativamente económico. Cando comezamos non coñeciamos a ninguén.

Quen é o responsable das letras? Cal é o proceso de composición?

O Gordo e o Malvares. Unha instrumental, papel, boli e a ghomitar palabras.

E no directo, que set levades? cantos sodes sobre o escenario e que facedes cada un?

Levamos un portátil e uns pratos. Somos tres enriba, o Malvares e o Gordo rapean e o Mon xoga cos vinilos.

Que usades na composición das bases?

Usamos tanto ruidiños pregravados coma instrumentos reais procesados posteriormente en programas de edición. Non sampleamos doutras músicas, non "roubamos" nada, parécenos lexítimo pero non optamos por ese camiño.

Que no podeades adiantar do novo disco?

Que vai estar muito máis guapo. Nos directos xa tocamos algúns temas novos e nótase a evolución a todos os niveis. Aparte vai haber varias colaboracións con peña do noso entorno que está facendo movidas chulas.

Neste primeiro hai unha colaboración dun MC brasileiro, como xurdiu?

Varios de nos somos fillos de emigrantes que foron a Salvador de Bahía e Quinho é un deles, o que pasa é que el criouse alí.

Que colaboracións vai a haber no seguinte disco?

Pois a de BPM que son uns colegas de Coia (Vigo) que están preparando a súa primeira maqueta e son uns máquinas. A de SL Crew desde a Ínsua, unha parroquia de Ponte Caldelas, e que acaban de sacar a seu primeiro traballo. Flow como virus de Redondela-Vigo, e algunha máis por ahí.

Como vedes a saúde da escena galega? Sodes dos que credes que estamos a vivir unha época dourada na música galega?

Hai grupos da hostia aquí. Cantidade e calidade.

Que grupos galegos vos gustan?

Todo o que fai Ugia Pedreira, Berrogüeto, Galegoz, Nao, Rack Eterno, Os Resentidos, Woyza, Sunrra, Macfeck...

Adaptado de www.sono-tone.net